

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MENTORIZACIÓN DE ESTUDANTES ESTRANXEIROS CON NECESIDADES LINGÜÍSTICAS

CURSO 2017/2018

A Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, fai pública a convocatoria de bolsas para a mentorización de estudiantes estranxeiros con necesidades lingüísticas.

OBXECTO DA AXUDA

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de bolsas para que o estudantado matriculado nun centro da Universidade da Coruña participe na mentorización de estudiantes estranxeiros con necesidades lingüísticas. Esta convocatoria ofrece a posibilidade de apoiar e orientar o estudantado estranxeiro na súa estadía na UDC e facilitar a súa integración na comunidade universitaria e na vida da cidade. Así mesmo, o programa pretende promover o desenvolvemento de actitudes e valores de compromiso, responsabilidade, respecto e solidariedade, e desenvolver no alumnado propio competencias sociais, metodolóxicas e de traballo en grupo. É obxecto tamén desta convocatoria fomentar a internacionalización na casa do estudantado da UDC. A concesión destas bolsas verase condicionada a que no centro onde curse os estudos o alumnado solicitante da bolsa exista algúna persoa con necesidades lingüísticas que manifieste interese por ser mentorizado.

A dotación total das bolsas será de doce mil oitocentos euros (12.800 €) con cargo á partida orzamentaria 0800080010 422D 48003, sen prexuízo de que este importe se poida ver incrementado por dispoñibilidade orzamentaria.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumplir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculadas, e ao corrente do pagamento no curso 2017/2018, na Universidade da Coruña en estudos oficiais de:
 - Licenciatura, arquitectura ou enxeñaría superior
 - Titulacións de grao e mestrado
2. As persoas bolseiras deberán manter a condición de estudiantes dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña durante o período completo de duración da bolsa.
3. A perda da condición de estudiante dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña supoñerá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
4. Incompatibilidades:
 - Durante o seu aproveitamento, a bolsa resultará incompatible con calquera outra axuda económica. Non serán incompatibles as bolsas reguladas nesta convocatoria coas bolsas e axudas ao estudio de carácter xeral para titulacións universitarias outorgadas pola Administración xeral do Estado e pola Administración autonómica ou coas da propia Universidade da Coruña.
 - Todas as bolsas serán incompatibles con calquera actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do salario mínimo interprofesional. Para tales efectos, poderáselle

solicitar á persoa interesada unha certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas.

PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O/a solicitante deberá cubrir o impreso de solicitude (anexo I) e presentalo no Rexistro Xeral da Universidade ou nos rexistros auxiliares de Elviña ou de Ferrol ou enviar a documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que o substitúa, ao responsable de Relacións Internacionais do seu centro. Tamén o poderán presentar nas administracións dos seus respectivos centros.

O prazo de solicitude do primeiro cuatrimestre permanecerá aberto desde a publicación desta convocatoria até as 14.00 h do día 15/09/2017. O prazo de solicitude do segundo cuatrimestre permanecerá aberto desde o 10 de xaneiro de 2018 até as 14.00 h do día 17/01/2018.

CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da axuda será de 160 € mensuais, a que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), conforme o previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, dese importe descontaráselle a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será dun máximo de oito meses comprendidos entre o día 1 de outubro de 2017 e o 30 de xaneiro de 2018 para o primeiro cuatrimestre e entre o 1 de febreiro e o 31 de maio de 2018 para o segundo cuatrimestre, cunha dedicación de seis horas semanais. Concederanse un máximo de 10 bolsas por cuatrimestre. A duración das bolsas dependerá da estadía do estudiante mentorizado. Os bolseiros que estean mentorizando estudiantes con necesidades lingüísticas que só permanezan na UDC no primeiro cuatrimestre, deixarán de percibir a bolsa o 30 de xaneiro de 2018. O horario de actividades concertarase co/a alumno/a mentorizado/a tendo en conta a ocupación lectiva de ambos.

O número de bolsas concedidas en cada centro dependerá dos alumnos estranxeiros con necesidades lingüísticas matriculados no centro e da dispoñibilidade orzamentaria.

OBRIGAS DO BOLSEIRO MENTOR

A cada persoa bolseira asignaránsele un máximo de 4 estudiantes estranxeiros con necesidades lingüísticas. Os bolseiros deberán comprometerse a desenvolver tarefas de asesoramento nos seguintes eidos:

- Asesoramento académico: información sobre o plan de estudos da titulación, o calendario escolar etc. e apoio na aprendizaxe das materias no caso de atoparen os mentorizados dificultades lingüísticas.

- Asesoramento sobre a vida universitaria cotiá e os servizos universitarios como Área de Deportes, Centro de Lingua, Cultura, Oficina de Relacións Internacionais, biblioteca, aulas de informática, asociacións de estudantes etc.
- Asesoramento social no relativo á integración do estudiantado estranxeiro nas culturas española e galega.

Será obligatoria a asistencia do bolseiro mentor ás reunións formativas sobre estes aspectos a que poida ser convocado.

A persoa bolseira comprométese a enviar un informe mensual ao responsable de Relacións Internacionais do centro, segundo o modelo do anexo II, mediante un correo electrónico con data límite do día 30 de cada mes.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

RECOÑECIMENTO

Tras a entrega dos informes e tendo en conta a asistencia obligatoria ás reunións informativas que se convoquen, a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación elaborará unha listaxe cos nomes dos estudiantes que desenvolveron a actividade satisfactoriamente. Ademais, enviaralles aos devanditos estudiantes os certificados que acrediten o desenvolvemento da actividade para que cada estudiante interesado solicite o recoñecemento de 1,5 créditos por actividades de acollida de estudiantes internacionais segundo o punto 6 do anexo I de recoñecemento de créditos nos estudos de grao pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación.

COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección en cada centro estará constituída polos membros da Comisión de Relacións Internacionais do centro ou, de ser o caso, a que determine o decano ou director do centro.

Criterios de avaliación:

1. Coñecemento de idiomas (máximo 3 puntos).
2. Participación nalgún programa de intercambio en calquera nivel de estudos, incluso secundaria ou bacharelato (máximo 2 puntos).
3. Outras actividades ou experiencias de internacionalización (máximo 2 puntos).
4. Exposición dos motivos que xustifican a solicitude da bolsa (máximo 3 puntos).

A Comisión de Selección resérvase o dereito de convocar os solicitantes a unha entrevista persoal.

Unha vez recibidas as propostas das comisións de selección de cada centro, esta vicerreitoría, atendendo as necesidades de mentorización e a disponibilidade orzamentaria, publicará na Sede Electrónica a resolución provisional coa listaxe de persoas admitidas e excluídas, e abrirase un prazo de 4 días hábiles para presentar reclamacións ao correo electrónico vic@udc.gal. Transcorrido este prazo, publicarase na Sede Electrónica da UDC a resolución definitiva da bolsa e da listaxe de agarda ordenada por puntuación.

Contra a resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A aceptación da bolsa, en que a persoa interesada se compromete a cumplir todas as condicións recollidas nesta convocatoria, deberase efectuar no prazo de dous días naturais desde a publicación da resolución definitiva da convocatoria na Sede Electrónica da UDC. A documentación completa para a aceptación enviarase por correo electrónico a vic@udc.gal ademais de enviarse os anexos orixinais dalgunha das seguintes formas:

-Presencial no Rexistro Xeral da Universidade ou nos rexistros auxiliares de Elviña ou de Ferrol, mediante a presentación dos documentos asinados pola persoa interesada:

- Impreso de aceptación (anexo III)
- Impreso alta persoal (disponible en www.udc.gal/sape/descarga_documentos/)
- Impreso para os datos bancarios, disponible en www.udc.gal/sape/descarga_documentos/)
- Copia do DNI
- Copia do resgado de matrícula 2017/2018

- Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa.

Se no prazo de dous días mencionado, non se recibise a aceptación por parte do/a adxudicatario/a, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda, que por renuncia dos/as adxudicatarios/as tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, farase a través das administracións dos centros, á conta de correo electrónico indicada na solicitude e disporán dun prazo de dous días hábiles para aceptar a bolsa mediante algunha das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncian.

Todas as baixas que se producieren antes do 30 de abril de 2018 serán substituídas.

As persoas bolseiras poderán renunciar en calquera momento á bolsa de mentorización que veñan percibindo. Para formalizar a súa renuncia, deberán facelo por escrito cunha antelación mínima de quince días naturais á data da baixa, agás por causas de forza maior, seguindo o modelo no anexo IV. Isto permitirá a adxudicación da dita bolsa, e polo resto da súa vixencia, á persoa solicitante que no proceso selectivo obtivera a seguinte mellor puntuación. Se iniciou o período de percepción da bolsa, a renuncia suporá a supresión das percepcións económicas inherentes a ela desde a data en que a renuncia sexa efectiva.

Ademais, os candidatos que resulten adxudicatarios das bolsas convocadas poderán renunciar a tal nomeamento antes de comezar o seu aproveitamento, comunicándoo por escrito, e procederase a chamar o primeiro suplente, se o houbese.

Deberá renunciar á bolsa de mentorización toda persoa beneficiaria que durante o

período de aproveitamento desta deixe de cumprir os requisitos específicos da modalidade de bolsa correspondente e cando incorra nalgúnha das incompatibilidades establecidas na presente normativa.

A Coruña, 1 de setembro de 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

ANEXO I

Impreso de solicitud

APELIDOS E NOME:	DNI:
ENDERECO ELECTRÓNICO:	
TITULACIÓN E CURSO:	
COÑECEMENTO DE IDIOMAS:	
PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE INTERCAMBIO:	
OUTRAS ACTIVIDADES OU EXPERIENCIAS DE INTERNACIONALIZACIÓN:	
MOTIVACIÓN DA SOLICITUDE:	

SRA. VICEDECANO /A DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

ANEXO II

Memoria mensual

ALUMNOS/AS MENTORES

DATOS DO/A ALUMNO/A

Apelidos e nome: Titulación:
Correo electrónico: Teléfono:

DATOS DOS ALUMNOS/AS MENTORIZADOS/AS

1. Apelidos e nome:
2. Apelidos e nome:
3. Apelidos e nome:
4. Apelidos e nome:

DATOS DAS REUNIÓNS

Lugar de realización das reunións:

Datas e horas das reunión:

Breve resumo das reunións: dúbidas e problemas formulados polo estudiantado mentorizado, medidas adoptadas para resolver estes, actividades realizadas, temas tratados etc.

Observacións:

, de de 20
(sinatura)

SR/A VICEDECANO/A RELACIONES INTERNACIONALES

ANEXO III

Impreso de aceptación da bolsa

D./Dona: _____

_____ DNI: _____ Enderezo _____

Código postal _____

Localidade _____ Teléfono/s _____ / _____

Acepto a bolsa do Programa de mentorización de estudiantes estrangeiros con

necesidades lingüísticas que me concedeu a Universidade da Coruña no/a:

(nome do centro e titulación)

.....

.....

E comprométome a cumplir todas as condicións recollidas nas bases da convocatoria da devandita bolsa, así como as que figuran no Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, aprobado o 27 de setembro do 2007, e a súa modificación do 31 de outubro de 2007.

A Coruña, de de

(Sinatura)

SRA. VICERREITORA DE INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN

Anexo IV

Modelo de renuncia

D/Dona:.....

DNI: LOCALIDADE.....

ENDEREZO:..... C.P.

TELÉFONO/S:.....

TITULACIÓN.....

CENTRO.....

Renuncio á bolsa do Programa de mentorización de estudiantes estranxeiros con necesidades lingüísticas polos seguintes motivos:

.....
.....
.....

Atendendo ás obrigas, prohibicións e incompatibilidades recollidas no Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, aprobado o 27 de setembro do 2007, e a súa modificación do 31 de outubro de 2007.

A Coruña,..... de de

(Sinatura)

SRA. VICERREITORA DE INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN